

RELATORIO DE ACCIÓN SINDICAL

Malia que debemos admitir que o panorama que debuxamos sobre a posíbel reforma laboral no relatorio de Acción Sindical do anterior Congreso da nosa Federación se dilatou no tempo, as primitivas intencións do anterior Goberno non só non foron desbotadas, senón que o actual Executivo seguiu o vreiro e, xunto a CC.OO e UGT, parecen estar próximos a acadar o devandito fin neste primeiro semestre.

A Confederación, como un corpo único, está dando puntualmente información non só destes cambios posíbeis (ben sexan materia de emprego ou de prestación sociais), que nos permite estar ao día sobre estes e outros escenarios, como o do propio Parlamento europeo, onde tamén se están a debater novas directivas que, asentadas no marco político do neoliberalismo, afectarían moi negativamente ás conquistas sociais que aínda conservamos os/as asalariados/as. É o caso máis recente da “directiva Bolkestein”.

En consecuencia, debemos manter a garda no máis alto posíbel, informando e alertando a todo o noso corpo que representamos na CIG-METAL, como primeira medida preventiva de poder radiar esta información dende un punto de vista obxectivo sobre o alcance e consecuencia que para as nosas vidas poden representar, xa que os autores destes despropósitos contan co sempre incondicional apoio dos principais medios de comunicación, que fan todo o posíbel por ocultar a verdade ou, no seu defecto, adozala como “una necesidade do progreso”. Así foi como no caso do Tratado da Constitución Europea se actuou de costas aos cidadáns e cidadás, ocultando a dura realidade que nos viña enriba á clase traballadora. Un referendo que, aínda que os nosos medios de información non deron alcanzado o obxectivo de clarificar á maior número de cidadáns e cidadás, no sentido de non bendicir este modelo de Marco europeo, debemos admitir que, fronte da nosa posición, encontramos tamén a outros sindicatos que si compartían xunto ao poder e á patronal posición e voto. Foron os movementos sociais doutros países con maior capacidade informativa os que foron capaces de lograr un resultado tan contundente como representativo que fixo posíbel que o devandito Tratado entrase, cando menos, nun proceso de reconsideración. A nós quédanos a satisfacción de termos contribuído coa nosa acción sindical a realizar a nosa modesta pero importante achega no camiño correcto.

Con estas inequívocas intencións, tanto das institucións públicas -sexan europeas ou españolas- como os propios acordos asinados polos sindicatos estatais, a CIG-METAL colle cada vez máis relevancia, ao irse convertendo na principal referencia dos traballadores e traballadoras ao permitirlles poder defenderse, e incluso avanzar na mellora das súas condicións socioeconómicas.

A nosa Federación, sendo consciente do papel determinante que xoga a acción sindical no noso país, debe reforzar o noso modelo para que cada día teña máis sentido esta ferramenta entre os nosos afiliados e afiliadas.

A información e denuncia, sobre todo a participación dos que formamos parte da Federación, é o maior garante para que a acción sindical chegue ao maior número de traballadores e traballadoras galegas.

Esta práctica, que nos diferencia doutros sindicatos, non nos pode confundir á hora de defendermos as alianzas na elaboración dos anteproxectos, ou de calquera actuación na

defensa do colectivo. Pensemos que a unidade, ademais de ser ben recibida polos traballadores e traballadoras, é un principio vivo do noso sindicato, no que probabelmente outros non se sintan xa tan cómodos.

Todos os camiños que impliquen participación debate e toma de decisións por parte dos traballadores e traballadoras afectadas é fundamental telos presentes. Isto é a esencia do sindicalismo de clase. Alí onde se discutan os intereses dos traballadores e traballadoras, sexa o foro que sexa, sempre nos vai permitir mover a roda en favor da nosa clase e do noso país.

Espir a nosa realidade laboral, por moi dura que esta sexa, sempre será unha referencia base que fará entender aos traballadores e traballadoras as graves contradicións que teñen os outros sindicatos que prefiren ver desde a maior altura posíbel, para precisamente non asumiren o seu compromiso cos que sofren as consecuencias de reformas laborais, de convenios miserentos, incluso da falla de compromiso en materia de prevención, como revelan os altos índices de sinistralidade que vimos sufrindo.

Somos afiliados e afiliadas a CIG-METAL, porque lle queremos dar sentido ao noso papel como traballadores e traballadoras nun país que se chama Galiza. Por isto, a nosa acción sindical debe seguir exercendo un efecto multiplicador incorporando a máis homes e mulleres para sumar forzas na defensa dun país que nos permita unha mellor calidade de vida.

Para afrontar os retos do futuro, os compañeiros e compañeiras que teñan responsabilidades na Federación deben ter claro que, ademais das cuestións organizativas, é peza fundamental a necesidade de sermos os primeiros en estar en continua formación sobre todos os mecanismos básicos e imprescindíbeis para afrontar calquera negociación con garantías de éxito.

ELECCIÓN SINDICAIS

O proceso electoral non só forma parte da nosa actividade sindical senón que a condiciona. Polo tanto, é un apartado a tocar tanto no relatorio de Organización como no relatorio Base ou de Acción Sindical.

Na análise non podemos quedar en examinarnos onde erramos e temos que lle pór remedio, senón que debemos profundar en como nos afecta como organización todo o proceso electoral. Desde a avaliación da situación que faciamos hai catro anos poucas ou ningunha cousa cambiou: os niveis de afiliación no noso país, aínda que máis altos que a media do Estado, seguen sendo baixos; a eventualidade lonxe de diminuír instálase con facilidade, o que trae consigo unha precariedade que se manifesta cada vez con máis crueza, cebándose fundamentalmente nas mulleres e xente nova adquirindo novas formas. O sindicalismo españolista cada vez está mais entregado a conseguir representación sen parar en barreiras, traendo consigo unha actividade sindical apegada ás mesas de negociación e aos despachos, en clara contraposición ao de ampla participación que nós defendemos.

O camiño que marcamos no relatorio do terceiro Congreso segue estando vixente: visita sistemática ás empresas onde deberamos conseguir non só facernos visíbeis senón imprescindíbeis, animando continuamente á participación e os procesos asemblearios onde entre todos se poidan escoller os mellores candidatos e candidatas.

Non podemos esquecer que gran parte da nosa actividade reivindicativa, mobilizacións, piquetes, concentracións, negociación colectiva etc., facémola a través dos nosos delegados e delegadas e membros de comités de empresa, xa que este traballo sería un erro, tal como entendemos nós a acción sindical, que quedase só en mans dalgúns militantes e os/as liberados/as da Federación.

Nesta senda marcada hai catro anos debemos seguir traballando, se queremos que o noso traballo sindical teña bos froitos, afiliación, loita contra a precariedade, elevar o nivel de participación na negociación colectiva, e para isto faise necesario organizar e planificar o proceso de eleccións sindicais, cunha dinámica sindical de contacto continuado nos centros de traballo único xeito de introducírmonos e termos unha acción sindical eficaz.

MARCO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

O Marco Galego de Relacións Laborais segue sendo un dos principais obxectivos tanto da CIG en xeral como da nosa Federación en particular, fronte á ofensiva centralizadora e estatalista tanto de CCOO, UGT, a Patronal como do Goberno español (Acordo Marco Estatal de Negociación Colectiva, formación, etc.).

Precisamos da coordinación dos diferentes sectores da nosa Federación, así como dos convenios de empresa e os catro convenios provinciais, contemplando a vixencia como un factor importante co obxectivo de facelos coincidir no camiño de unificar as nosas demandas, mantendo os aspectos positivos de cada un dos convenios e engadindo novos aspectos co obxectivo desexado do Marco Galego de Relacións Laborais.

POLÍTICA INDUSTRIAL

Pouco ou nada teñen mudado as políticas de actuación dos gobernos do Estado e da Xunta neste período a prol da industria galega.

Non temos avanzado neste tempo (custa admitilo) como organización nas propostas e vellas aspiracións que como federación marcábamos como obxectivos necesarios desde a nosa visión nacional da política industrial para acadar un tecido industrial galego forte. Cómpre admitirmos que nin tan sequera o método utilizado a través dunha acción sindical intensa da nosa federación foi quen de permitirmos avanzar nas vellas aspiracións.

Houbo, en troca, unha afectación desigual, tanto nas empresas como nos subsectores, segundo a materia a que nos refiramos: negociación colectiva, plans de empresa, plans de actuación sectoriais públicos ou privados, ocupación de planteis, carga de traballo, etc.. Desiguais tamén foron os resultados segundo as empresas ou sectores dos que estamos a falar.

Despois dun lixeiro incremento da ocupación (que non palía as inadmisíbeis cifras de desemprego no sector do metal) nos subsectores, tanto do naval como do automóbil, aínda que exclusivamente no que atinxe á súa industria auxiliar.

De aí que o resultado que esas políticas de ocupación xeran a medio prazo, dista moito de deseñar un mapa industrial firme e consolidado e debuxan en troca medidas de emprego que agachan:

- Desregularización da xornada de traballo, introducindo flexibilidade e horas extras.

- Precarización do emprego, inestabilidade.
- Empeoramento das condicións da traballo ou maior dificultade no cumprimento da lei de prevención de riscos.
- Política de actuación de creación de emprego pouco estábel e duradoiro. E que case sempre aflora como consecuencia da destrución de emprego neto, e precedidas de plans de actuación en empresas que supuxeron a eliminación de milleiros de postos de traballo directo.
- Medidas de aposta e interese empresarial que camiñan cara ás industrias de síntese co aval das centrais sindicais estatais en moitos casos que afondan máis na perda de peso industrial.

Reiteramos a absoluta responsabilidade que tiña a Xunta anterior, e segue a ter a actual, para nos dotar no sector industrial (vital para a economía e o emprego do país) “dun plan galego de política industrial”.

Facendo unha análise da situación actual, avaliaremos que nos atopamos na mellor posición industrial dos últimos anos, quizais décadas, polo que debemos seguir insistindo nas nosas propostas que, aínda non cumpridas, seguen vixentes.

Demandamos a necesaria creación:

- Dun organismo exclusivamente industrial de capital nacional participado:

- Polo goberno galego e coa implicación das entidades financeiras (sobre de todo as de capital galego).
- A patronal galega e as asociacións empresariais dos grandes subsectores industriais do naval, do automóbil e do metal.

- Un organismo que actúe de foro dinamizador da actividade industrial polos importantes arrastres que estes sectores provocan en numerosos subsectores industriais e de servizos de intensidade tecnolóxica media-alta.

- Cunha boa capacidade de xeración de emprego tanto directo como indirecto.
- De desenvolvemento autónomo.
- De reducido consumo enerxético.
- De elevada capacidade exportadora, etc.

- Un organismo que propicie a implantación de programas de modernización a través de investimentos en investigación e innovación.

- Un centro permanente de formación que actúe de garante dun emprego de máis calidade que faga as empresas máis sólidas e competitivas. Que propicie a incorporación de novas xeracións ao sector industrial, acadando así un maior e mellor emprego.

- Un organismo que achegue recursos de apoio ao desenvolvemento tecnolóxico e económico das estruturas empresariais e, sobre todo, á industria auxiliar dos sectores do naval e do automóbil como piares fundamentais da industria do noso país, creadores de emprego e riqueza.
- Un organismo de nova creación que deseñe un NOVO MODELO DE DESENVOLVEMENTO INDUSTRIAL PARA GALIZA que sexa capaz de adoptar medidas eficaces orientadas a potenciar e consolidar este importante sector da nosa economía.
- Que permita recuperar as posicións perdidas nos últimos anos, froito das políticas derrotistas e discriminatorias aplicadas á nosa industria desde o goberno do Estado e non defendidas pola Xunta de Galiza.
 - Diciamos ao principio que se cadra a situación é in mellorábel e que os tempos son chegados para que a través desta nova Xunta de Galiza, dunha nova Consellaría de Industria que sexa quen de se comprometer co sector e co país, e coa constitución de Axencia Industrial de Galiza, sexamos capaces de avanzar na consecución dun país máis rico, máis moderno e máis próspero, que nos permita en definitiva acadar as condicións e garantías industriais das que xa gozan outras comunidades do Estado español.

CONVENIOS PROVINCIAIS

Neste capítulo o rexeitamento da patronal ao Convenio Galego, unido a unha actitude que non vai máis alá dunha declaración de intencións por parte dos sindicatos estatais, fai a día de hoxe que no noso país teñamos que seguir falando de convenios provinciais.

É evidente que este obxectivo vai depender practicamente de nós. Na medida en que a nosa Federación vai acadando maior presenza no sector, serenos quen de lograr que o conxunto dos traballadores e traballadoras teñan todos non só as mesmas condicións de traballo, senón tamén un sindicato máis forte é unha maior consciencia de nación.

A pesar diso, a CIG-METAL neste marco provincial segue marcando diferenzas alí onde ten un peso significativo, como é sobre todo o de Pontevedra, e con mellores perspectivas que en anos anteriores no da Coruña e Ourense, sendo o caso de Lugo unha situación que a Federación vén analizando para corrixir no futuro inmediato.

CONVENIOS DE EMPRESA

Despois do diagnóstico feito no anterior Congreso, debemos dicir que as estruturas se implicaron máis en atender a negociación destes centros de traballo, onde os resultados non deixan lugar a dúbidas. As diferenzas tanto cualitativas como cuantitativas estiveron en función dun bo exercicio da nosa representación, como revela o medre significativo de afiliados e afiliadas, que en termos xerais logramos nestes catro últimos anos.

Neste marco, tamén debemos ter unha atención particular para con aqueles centros onde non contan coa presenza da CIG. Nestes casos os traballadores e traballadoras deben saber que exercer unha acción sindical coma a nosa, que non está presa de pactos salariais, nin participa de reformas que vaian en detrimento dos traballadores e traballadoras, son as claves que fan posíbel que as plataformas encabezadas pola CIG-METAL logren que en gran medida sexan atendidas.

Por último, debemos lembrar a mesma recomendación que apuntamos para os cadros da estrutura, dunha posta ao día continua en materia de negociación colectiva; ese esforzo formativo debe ser intensificado cos delegados e delegadas para que poidan afrontar coa maior autonomía posíbel fronte ás súas respectivas patronais.

PRINCIPAIS MATERIAS A TER EN CONTA

Salarios

Esta importante reivindicación merece un comentario previo que debemos facer chegar aos traballadores e traballadoras, como é o dato revelador da estatística sobre os incrementos salariais medios acadados tanto en Galiza dun 3,5% como en Euscadi, dun 4,06%, fronte á media do Estado, que foi do 2,9% no 2005.

Estes datos véñennos a demostrar como a política de pactos e contencións salariais que as cúpulas dos sindicatos estatais asinan coa patronal en Galiza a presenza dos sindicalismo nacionalista, cando menos, vén atenuar as consecuencias que a maiores terían de non contar os traballadores e traballadoras coa CIG-METAL.

Por outra banda, á hora de formular esta reivindicación deberíamos realizar un esforzo explicativo acerca da fórmula correcta de interpretar este dato referencial que é o IPC. Pois está demostrado (e ao alcance de todos hai un documento) que este dato que nos facilita o Goberno é perverso, sobre todo para os salarios máis baixos, que, no noso caso, nos atinxen a moitos e moitas. Recomendamos, pois, dar a coñecer os razoamentos do devandito documento como argumentación do punto aos traballadores e traballadoras.

Todo convenio debe contemplar o apartado de revisión salarial, como garante de non perder poder adquisitivo, pois é evidente que as previsións do Goberno son sempre de forma interesada por debaixo da realidade. A revisión debe ter carácter retroactivo.

Emprego e Precariedade

A negociación colectiva é o único foro que temos os traballadores e traballadoras que nos dá capacidade para fixar condicións normativas que limiten a contratación temporal, a penalicen ou a regulen. Deste xeito nos últimos anos abundamos na proposta, consensuada coas outras centrais sindicais, de reducir esta situación tan alta de precariedade que vén soportando o noso sector; en concreto nas plataformas debemos establecer topes mínimos de persoal fixo nos centros de traballo.

Por outra banda temos que seguir penalizando todas as modalidades de contratos eventuais na medida que sexa posíbel, establecendo o maior número de días a indemnizar e que estes se perciban mensualmente.

Debemos facer un esforzo por realizar un seguimento dos compromisos que logremos na negociación. Os convenios para a patronal son acordos de máximos; en consecuencia debemos realizar unha marcaxe estreita desta materia en particular, xa que neste capítulo é frecuente tamén que as empresas recorran a un uso e abuso da lei dos contratos eventuais, cambiándolles os contratos ao persoal con distintas razóns sociais dentro do mesmo centro de traballo, ou entre distintos centros de traballo dos mesmos patróns/as.

Esta materia non so é fundamental para os traballadores e traballadoras polo que representa para o seu futuro, senón que a temporalidade tamén reduce a capacidade de actuación das persoas fronte ás inxustizas que nos seus centros de traballo lles obrigan a soportar; en definitiva, evita que o sindicato sexa máis participativo e forte.

Xornada laboral

Esta materia sabemos que, por razóns de prioridade, normalmente pasou nos últimos anos a ser un tema de orde menor e a estar significativamente condicionado polos salarios e a alta precariedade.

Xa apuntabamos en informes anteriores que a patronal iniciara unha ofensiva non só na recuperación da xornada laboral, senón tamén na introdución de novos imperativos de flexibilidade e dispoñibilidade horaria.

Unha ofensiva que ten as súas consecuencias prácticas no alongamento de xornada que se está a dar nas empresas auxiliares do naval, e con maior intensidade no sector de automoción, onde os sistemas toyotistas de produción e adaptación ao mercado obrigan as auxiliares deste sector a teren unha xornada sincronizada coa fábrica matriz, recuperando mesmo as xornadas laborais en sábados que inicialmente se efectuaban como horas extras. As consecuencias da saturación dos medios produtivos levan a unha amortización do emprego e a unha flexibilidade da xornada laboral.

Reivindicar a redución de xornada nunca estivo tan relacionado coa conservación do emprego; por isto, e a pesar de campañas intoxicadoras, debemos manter entre as prioridades a redución da xornada, e evitar a flexibilidade horaria ou ampliacións dos sábados.

MEDIDAS SOCIAIS

Nos nosos anteproxectos non poden faltar como puntos fundamentais e que deben ser contemplados nos textos dos convenios os puntos seguintes:

- Conciliación da vida laboral-familiar

Un dereito que, malia estar regulado por lei, e ademais de ser incluído na redacción do convenio, debemos melloralo tanto nas contías dos permisos, como nas retribucións e garantías.

- Violencia de xénero

A violencia de xénero, esta lacra que azouta a nosa sociedade, é suficientemente grave para que en todas as negociacións onde estea presente a nosa Federación logremos que o seu tratamento pase a formar parte do conxunto do convenio.

- Igualdade home-muller

Estamos nun sector configurado nun 95% por homes. Fomentar a igualdade de oportunidade home-muller nos nosos centros de traballo non será tarefa doada; a pesar diso, desde a CIG-Metal debemos comprometer nos a loitar por vencer estas desigualdades que de ningunha maneira están xustificadas. Para isto a CIG-METAL debe impulsar a todos os niveis que a formación de moitas disciplinas, aínda entendidas para

homes (soldadura, caldeiraría, etc.), sexan máis accesíbeis para as mulleres, elemento este fundamental para favorecer á súa incorporación a este sector do Metal.

SAÚDE LABORAL

A pesar do que se avanzou nesta materia dentro da central sindical, a crúa realidade demóstranos día a día que, malia os esforzos, o noso país, Galiza, segue sendo unha das zonas tanto do Estado español como de Europa de maior índice de sinistralidade. Temos que recoñecer que, malia os nosos esforzos, aínda non fomos capaces de poñer freo a esta lacra no mundo do traballo.

A formación dos traballadores e traballadoras e dos delegados e delegadas de prevención debe de ser unha prioridade para nós; a posta en funcionamento como até o de agora de cursos básicos para delegados e delegadas de prevención tanto de 30 como de 50 horas, a realización de xornadas técnicas específicas e talleres debe continuar. Os nosos delegados e delegadas deben coñecer todos os seus dereitos e obrigas en cuestións básicas como a vixilancia da saúde, a realización correcta das avaliacións de riscos, etc. Isto debe ser unha obriga para a estrutura da nosa Federación. En definitiva, a formación e mais a información.

Ademais, a exigencia do cumprimento da Lei de Prevención de Riscos Laborais e das normas que a regulan e complementan, xunto coa denuncia das actuacións patronais que atentan contra a integridade dos traballadores/as, perante os organismos pertinentes como a Inspección de Traballo ou o xulgado, e a mobilización, deben ser prioridades do noso traballo sindical en saúde laboral.

Denunciamos a pasividade e falla de compromiso da patronal, así como das institucións das distintas administracións e mutuas que provocan tantas lesións e accidentes mortais nos traballadores/as. Reclamamos un funcionamento real e efectivo da fiscalía específica así como da Inspección de Traballo para unha actuación máis rigorosa nestes feitos.

A negociación colectiva en colaboración co Gabinete Técnico de Saúde Laboral da CIG ten outra fronte fundamental para mellorar nesta materia, regulando en todos os convenios a lexislación que temos xunto cos documentos elaborados polo dito Gabinete. Máis alá dunha declaración de intencións interésanos que os convenios regulen cada vez mellor todas estas cuestións.

Estes son algúns dos aspectos aos que lle deberíamos prestar máis atención:

- As avaliacións de riscos.
- Equipos de protección individual.
- Dereitos de formación e información dos traballadores/as.
- Dereitos de consulta e participación dos traballadores/as.
- A vixilancia da saúde.
- A vixilancia na coordinación das actividades.
- Traballadoras en situación de maternidade e lactación.
- A precariedade laboral, contratación temporal e ETTs.
- Constitución dos comités de seguridade e saúde.

AS MUTUAS

Nestes últimos catro anos, tamén fixemos, tanto dende a CIG-METAL como dende a Confederación, campañas de denuncia pública e mobilizadoras contra as Mutuas, polo papel que están a xogar de colaboración absoluta coa patronal, perseguindo dun xeito case policial os traballadores e traballadoras enfermos, ou mesmo accidentados no traballo. Adican mais esforzos a este control que a preocuparse pola saúde dos traballadores/as, que debería ser o seu papel fundamental.

Os sucesivos gobernos do estado, coas diferentes reformas, foron sacando decretos que concederon ás Mutuas un poder moi elevado, ao permitirilles controlar tamén as enfermidades comúns.

É de todos coñecido os centenares de denuncias que dende as diferentes comarcas se teñen feito contra estas, por actuacións irregulares onde prevalecen os intereses económicos por riba da saúde das persoas enfermas ou accidentadas.

Vimos como se deron baixas por enfermidade común cando eran consecuencia de accidente laboral, como se deron altas sen estar en condicións de poder traballar, etc. Incluso en determinados casos se recorreu a un trato indigno, que debería estar desterrado para un profesional da saúde.

Polo tanto, debemos seguir insistindo nestas campañas e informar aos traballadores/as dos pasos que deben seguir diante destes abusos que as Mutuas están cometendo día a día, elaborando panfletos e guías, etc.